

A portuguesa Hélia Correia, Escritora Galega Universal, resalta o seu nexo con Galicia

De visita en Santiago para recibir outro galardón loa a beleza das Cantigas de Amigo e a súa amizade cos escritores galegos

Europa Press | Santiago | 20.05.2017 | 02:24

A autora portuguesa Hélia Correia, premiada como 'Escritora Galega Universal' este ano por parte da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), destacou o vínculo "ancestral" e "primordial" que comparte cos seus "irmáns" galegos a través da Galicia celta.

Nun encontro coa prensa celebrado onte en Santiago de Compostela, Correia considerou que non existe "unha fórmula" que describa o agradecemento por ser considerada "escritora galega" polos seus "irmáns" de Galicia, a quen considera parte da súa familia.



Hélia Correia atópase estes días en Compostela. // FdV

Unha relación "cimentada e interiorizada" que se retrotrae, segundo destaca, á "mesma fonte" e aos "mesmos devanceiros" que comparten a cultura portuguesa e a galega, onde está a "presenza da Galicia celta".

"A miña cultura, a miña Galicia, é esencialmente celta", reiterou, sinalando que lembra a "encantadora" impresión que lle deron as Cantigas de Amigo, "non só un prodixio da beleza máis simple e matricial", senón "un prodixio literario" con capacidade de autonomía e "estilo propia" fronte ao "dominante", o trovadoresco francés.

"O universo celta é o meu universo primordial e por tanto as pontes de encontro-con Galicia- son moitas", insistiu. A pesar diso, recoñece que non ten "ambición social ou de prestixio" pola obtención de galardóns como o Prémio Camões, que recibiu en 2015, do mesmo xeito que na súa vida só entra xente "pola porta da amizade".

"A miña ambición é chegar ao texto e amar o texto que creo. A partir de aí, -o resto- está fóra do meu mundo". Neste sentido, a escritora lusa valorou que o galardón da AELG fíxolle "feliz" por tratarse dun recoñecemento trasladado por "persoas" a quen considera os seus "amigos".

Un premio que dedicou, precisamente, a Fran Pérez 'Narf', un "querido amigo" con quen compartiu "poucos momentos", pero "moi especiais".

[Te recomendamos](#)